

## A BIBLIOTECA 2.0 OU “BIBLIOTECA SOCIAL” INTRODÚCESE NAS TRES UNIVERSIDADES GALEGAS DA MAN DO CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA

- *Organiza as xornadas “Web 2.0 e Bibliotecas en Bugalicia” os vindeiros días 20 e 21 de novembro en Santiago de Compostela*
- *Estuda os recursos e ferramentas da web 2.0 tales como Facebook, MySpace, YouTube, Flickr, WordPress, Twitter, Netvibes, Delicious.com, entre outros, e as súas aplicacións na creación de redes sociais, blogs, intercambio de obxectos dixitais, mensaxería instantánea ou sindicación de contidos para a súa aplicación nas bibliotecas universitarias*

**Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2008.** O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, Bugalicia, introdúcese nas aplicacións, ferramentas e recursos que proporciona a coñecida como web 2.0 ou “web social” co obxectivo de poder trasladar os seus beneficios e potencialidades a toda a comunidade universitaria, a través da creación da futura biblioteca 2.0. Este instrumento fará posible a renovación dos servizos de información bibliotecaria a través de plataformas que estimulen a participación dos usuarios e permitan a xestión de contornos colaborativos, así como sacar partido das ferramentas tecnolóxicas dispoñibles na rede, o que será obxecto de estudo nas xornadas organizadas polo Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia denominadas “Web 2.0 e Bibliotecas en Bugalicia”, que terán lugar os vindeiros días 20 e 21 de novembro na Facultade de Ciencias Políticas de Santiago de Compostela.

O propósito destas xornadas é “demostrar que coa axuda e colaboración dos usuarios se conseguen servizos máis acordes ás súas necesidades e comprobando con numerosos exemplos de bibliotecas universitarias estadounidenses as virtudes do uso de ferramentas sociais (blogs, wikipedia, Flickr, Meebo, Delicious, etc. para a construción do modelo de biblioteca 2.0”, como figura no [Proxecto de estudo da web 2.0 para Bugalicia](#).

O aproveitamento das ideas e aplicacións da web 2.0 no ámbito dos servizos que presta o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia ao Sistema Universitario de Galicia, SUG, significa que toda a comunidade universitaria valeráse dun servizo bibliotecario que promove a participación activa dos usuarios. Eles mesmos serán creadores de contidos, xa que poden elaborar as súas propias reseñas de libros; intervir nos servizos de recomendación, asignando descritores a materiais (fotos, vídeo, texto) e contribuíndo ao deseño dunha bibliografía compartida, entre outras moitas opcións, de xeito

que se lle entrega ao usuario parte do control, da liberdade, da capacidade de interactuar, fomentar e aproveitar a intelixencia colectiva.

### **Facebook, MySpace: o uso das redes sociais nas bibliotecas universitarias**

As posibilidades que abre o concepto de biblioteca 2.0 “son moitas”, tal e como sintetiza o *Proxecto de estudo de web 2.0 para Bugalicia* e, entre elas, figura “unha maior visibilidade, pois a biblioteca dispón dun espazo máis no que mostrarse; aumenta a comunicación en ambas as dúas direccións, dando así aos usuarios a posibilidade de comunicarse cos xestores do servizo; intercambiar información en distintos formatos, como imaxes, vídeos, texto, blogs e un longo etcétera”.

As xornadas “Web 2.0 e bibliotecas en Bugalicia”, destinadas ao persoal bibliotecario das universidades galegas, afondan no coñecemento, uso, aplicación e implementación das redes sociais na súa propia biblioteca, é dicir, daqueles servizos que, no marco da web social, permiten aos individuos crear un perfil público, ou semi-público dentro de plataformas en liña, a través da cal é posible comunicarse de diversos xeitos.

Facebook é o grande éxito na creación das redes de servizos sociais destinado aos estudantes universitarios e “proporciona pistas sobre como as bibliotecas académicas poden aplicar os servizos da web 2.0 nos seus organismos”, indica o *Proxecto de Estudo da web 2.0 para Bugalicia*. Os seus usuarios non só crean perfís persoais, tamén poden alentar a subir fotos e etiquetas, comentar os perfís doutros usuarios, crear grupos e xestionar invitacións e eventos.

Ademais de redes sociais de uso persoal, entre as que figura Facebook tamén se atopan MySpace, Orkut ou Friendster. As xornadas tamén explorarán aquelas redes sociais cun perfil máis profesional como LinkedIn ou Xing.

### **Blogs, Microblogging, wikis, sindicación de contados, Flickr ou YouTube**

As xornadas afondarán no estudo e aplicacións dos blogs e o microblogging como unha das mellores ferramentas para establecer unha relación entre os usuarios e as bibliotecas, así como entre os propios profesionais. O *Proxecto de Estudo da web 2.0 para Bugalicia* destaca as seguintes aplicacións do microblogging, dos blogs e de todas as súas variantes (videoblog, fotoblog, audioblog, etc): a facilidade para publicar novidades e novas que van xurdindo; a creación de grupos de discusión sobre libros e lecturas; a realización de web-bibliografías ou recomendacións de recursos; os servizos de alerta e DSI, ou o acceso a arquivos coma unha visita guiada pola biblioteca, a lectura do capítulo dun libro, a entrevista a un investigador, entre outros, en diferente formato. Twiter, a icona do microblogging, podería permitir ás bibliotecas publicar pequenas informacións prácticas na web institucional ao tempo que os usuarios a reciben por sms, en tempo real,

como cambios de horarios, novidades nos fondos, avisos, comunicación interna de empregos e, ao mesmo tempo, poderíase recibir o feedback inmediato dos nosos usuarios.

As Xornadas sobre “Web 2.0 e bibliotecas en Bugalicia” tamén explorarán instrumentos como os “wikis”, sitios web levados adiante grazas ao esforzo colectivo, onde os usuarios poden crear, editar, borrar ou modificar contidos de forma fácil e rápida, que dentro do Consorcio poden ser empregadas como ferramenta profesional para o intercambio de experiencias e como recurso enciclopédico nunha área profesional.

Un dos piares da famosa web 2.0 é a confianza no saber colectivo para describir e clasificar a información mediante etiquetas (tags ou verbas clave) de maneira que axuden a calquera a recuperar información de interese. Aquí entran en xogo os marcadores sociais, como Delicious, cuxa aplicación nas bibliotecas serve para simplificar as listas de distribución de bibliografía e documentos en xeral; elaborar servizos de ligazóns recomendados, onde os usuarios poden engadir os seus, compartir os papers ou webs dunha investigación; manter series de recursos especializados para usuarios con temas de investigación comúns.

Finalmente, programas para compartir obxectos dixitais como YouTube ou Flickr engloban os sete conceptos dos servizos web 2.0, xa que permiten aos usuarios aloxar, organizar, compartir e comentar as fotos. O máis destacado é a posibilidade de etiquetar as imaxes e categorizalas para máis tarde recuperalas por diferentes puntos de acceso. O uso de Flickr nas webs do Consorcio podería englobar funcións de ferramenta de marketing, útil para publicar fotos dos eventos patrocinados polas bibliotecas do Consorcio, das actividades e servizos bibliotecarios. Ademais permite que os usuarios discutan e compartan fotos texendose unha rede social. Tamén se pode usar como ferramenta de apoio a servizos de referencia, xa que é unha fonte de información máis para responder ás demandas.

### **Mensaxería instantánea, chat, sms: Máis ideas 2.0 para as bibliotecas universitarias**

As plataformas móbiles revélanse como unha das achegas máis útiles da web 2.0 ás bibliotecas. “Dado que cada vez son máis os usuarios que dispoñen dun teléfono móbil, as bibliotecas poden aproveitar esa baza para prestar servizos a través desta plataforma, como o envío de novas, alertas, avisos da chegada dun documento solicitado, o cambio de horario da biblioteca, o vencemento dos préstamos, o aniversario dun científico, por exemplo”, destaca o *Proxecto de estudo da web 2.0 para Bugalicia*.



consorcio de bibliotecas universitarias de galicia  
hórreo, 61 1º andar\_15702 santiago de compostela  
tlf> (34) 881 031 004 fx> (34) 881 031 005  
<http://www.bugalicia.org>

Así mesmo, a mensaxería instantánea e o chat configúranse como ferramentas da web 2.0 que renovan e amplían a oferta do servizo tradicional das bibliotecas. Estes están xa implementados en seis bibliotecas de España pertencentes á Universidade de Sevilla, a través dun apartado da súa web denominado “Pregunte al bibliotecario”. Do mesmo xeito, no ámbito internacional, a biblioteca da Universidade de Yale dispón na súa web dunha sección adicada íntegramente a prestar servizos por medio de sms. Esta mesma institución académica, a través da súa Biblioteca de Ciencias, así como outras de prestixio mundial “teñen gran presenza nas redes sociais máis coñecidas como Facebook, Twitter, MySpace, Flickr..., etc e mesmo dispoñen dunha sección na súa web chamada Social Networking”.

Ao mesmo tempo o estudo indica que tamén se atopan exemplos da inclusión das bibliotecas en redes sociais de mercado colaborativo de lugares favoritos, entre os que figuran restaurantes, museos ou locais de moda.

### **Presenza de Bugalicia na web 2.0**

O Consorcio de Bibliotecas de Galicia persegue dende xa a incorporación e participación nos distintos elementos da web 2.0 antes descritos, realizando, polo momento un estudo detallado da súa implementación e participación nos mesmos. De feito, o documento *Proxecto de estudo da web2.0 para Bugalicia* permanece accesible para todos a través da plataforma ISSUU, unha ferramenta online máis da web 2.0, de acceso gratuíto e no que se colgan todo documentos en formato PDF, tanto persoais como cun perfil máis profesional. O acceso e visualización dos documentos a través desta plataforma representa moitas vantaxes gráficas e interactivas, como agregar información adicional descritiva do propio documento que permite, por exemplo que buscadores como Google o indicen de xeito máis doado. Así mesmo, abre a posibilidade de feedback cos navegantes, abrindo o texto do documento a posibles comentarios.

A dirección para acceder ao estudo é a seguinte:

<http://issuu.com/bugalicia/docs/biblioteca20>

## Programa del curso Web 2.0 y Bibliotecas en Bugalicia:

### Unidad 1: La Web 2.0

- Concepto de Web 2.0
- Principales Herramientas de la Web 2.0
  - Blogs: WordPress
  - Microblogging: Twitter
  - Wikis: PBWikis
  - Social Bookmarking: Delicious.com
  - Compartir objetos digitales: Flickr y YouTube
  - Mensajería Instantánea
  - Sindicación de contenidos: Netvibes
  - Sitios de redes sociales: Facebook

### Unidad 2: Sindicación de contenidos

- Concepto de sindicación de contenidos
- El RSS en las bibliotecas
- Construcción de una página personalizada con Netvibes

### Unidad 3: Biblioteca 2.0

- Concepto de Biblioteca 2.0
- Principales herramientas 2.0 en las bibliotecas:
  - Aplicación de las herramientas 2.0 en la biblioteca.
  - Library Toolbars
  - Catalogación social: LibraryThing
  - Referencias bibliográficas sociales: CiteULike
- El OPAC Social
  - Ejemplos de OPACs con funcionalidades sociales
- Webs de Bibliotecas como ejemplo

### Unidad 4: (No presencial) Se propone la realización de prácticas con:

- Blogs
- RSS
- Delicious
- Flickr
- Facebook